



***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA, LA UNIVERSIDAD DA CORUÑA Y LA FUNDACIÓN
DE LA UNIVERSIDAD DE CANTABRIA PARA EL ESTUDIO Y LA
INVESTIGACIÓN DEL SECTOR FINANCIERO-UCEIF PARA EL FOMENTO
DEL EMPRENDIMIENTO A TRAVÉS DEL PROGRAMA EXPLORER 2019***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria,
DECLARA:

Que a *Consellería de Economía, Emprego e Industria*, formalizou coa Universidade da Coruña e a Fundación da Universidade de Cantabria para o estudo e a investigación do sector financeiro-UCEIF o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 31 de outubro de 2019 ata o 1 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Universidade da Coruña e a UCEIF para o desenvolvemento entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2019 do programa EXPLORER nos centros EXPLORER da comarca Coruña-Ferrol.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, a través da Secretaria Xeral de Emprego , é o departamento de la Xunta de Galicia que ten atribuido o exercizo das competencias en materia de emprego, a **Universidad da Coruña** é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e a **UCEIF** é unha Fundación de carácter privado, sen ánimo de lucro, cuxo obxecto consiste en promover o estudo e a investigación en calquera ámbito, e dentro dos proxectos pilotados pola **UCEIF** , se atopa o Programa EXPLORER dirixido a xoves con ideas innovadoras, dentro do campo tecnolóxico, e con interese en desenvolvesas cun enfoque de negocio. Este programa goza de gran acollida nas convocatorias realizadas e serve de motor para a promoción do espírito emprendedor polo que a **Consellería de Economía, Emprego e Industria** e a **Universidade da Coruña** están interesadas en establecer unha colaboración activa no marco do devandito Programa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

(asinado dixitalmente)

